

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA



XEFATURA DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA OFICINA AGRARIA COMARCAL - ORDOS	
31 XAN 2014	
ENTRADA Nº	SAIDA Nº

Miguel Anxo Méndez López con DNI 33841889B e enderezo a efectos de notificación en Rúa Ofelia Nieto 13-23 (Baixo), 15705 Santiago de Compostela, en calidade de Responsabel da Dirección da horta, froita e flor do SINDICATO LABREGO GALEGO.

EXPÓN :

-Que os sectores hortícola, froiteiro e de floricultura na Galiza sufriron abondosas perdas económicas ao longo de todo ano 2013 debido, fundamentalmente, á perda de ingresos económicos provocada por unha importante mingua produtiva derivada das irregularidades climatolóxicas.

-Que estas perdas se viron incrementadas notablemente por mor dos estragos causados polos temporais de Nadal: destrución de instalacións, como invernadoiros; e empozamento de terras de labor, coa conseguinte perda dos cultivos.

-Que os ingresos das explotacións de horta, froita e flor, do mesmo xeito que noutros sectores produtivos, tamén se viron minguados polo forte incremento no prezo dos insumos indispensables para producir como o gasóleo, a electricidade, os abonos, etcétera.

-Que sectores como o da horta, froita e flor teñen fortes desvantaxes comparativas con outros sectores agrarios e gandeiros que os deixan en posición de inferioridade no mercado. De seguido, enumeramos algunhas das máis importantes:

- Os sectores da horta, da froita e da flor non teñen axudas da Política Agraria Común (PAC) e ningún tipo de apoio específico que compense as súas debilidades.
- Trátase de sectores moito máis sensibles ás irregularidades meteorolóxicas que está propiciando o fenómeno do quecemento global do planeta e do cambio climático.
- O sistema de seguros agrarios non está adaptado á idiosincrasia de Galicia. Trátase de seguros demasiado caros que, moitas veces, nin sequera cobren as necesidades das nosas explotacións. Un bo exemplo témolo no cultivo de cereais de inverno na bisbarra da Limia, onde se perdeu case todo debido á persistencia das choivas sen que houbo un seguro que cubriese a sementeira de inverno.
- Os sectores de horta, froita e flor carecen de sistemas de regulamento dos prezos ou do mercado como teñen outros sectores agrogandeiros (mesas de negociación de prezos, etc.). Isto implica que os ingresos nestes sectores dependen, absolutamente, dos valores do mercado, que está asolagado de produtos frescos importados de terceiros países nos que a man de obra é moito máis barata e con moitas menos obrigas sanitarias e de calidade que na Unión Europea. Isto fai que os prezos dos produtos hortofroiteiros e da floricultura na Galiza sexan artificialmente baixos e non compensen nunca anos

de malas colleitas nos que, seguindo a lóxica de mercado, os prezos deberían subir ao diminuír a oferta. Así, agora xa non hai anos con bos prezos que compensen os malos.

-Que as perspectivas para o sector da horta, froita e flor en Galicia son moi pesimistas para o 2014, ano ao que se enfrontarán as explotacións cunha mingua considerable de ingresos, instalacións e colleitas destruídas polos últimos temporais e falta de liquidez para acometer reparacións e recomezar a actividade.

-Que os sectores da horta, froita e flor ten un gran potencial como xerador de emprego nestes tempos de crise, tal e como estamos a constatar nas nosas oficinas en todo o país nas tramitacións para incorporar xente nova e non tan nova á actividade agraria. Cun apoio decidido da administración, os sectores de horta, froita e flor poderían converterse nun motor económico que crease postos de traballo, fixase poboación e xerase riqueza no medio rural galego.

SOLICITA :

-Que a conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana ou, na súa ausencia, os/as responsables da Consellaría de Medio Rural que vostedes decidan, manteñan unha xuntanza con membros da Dirección de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego Galego para analizar as seguintes cuestións:

- Posibilidade de crear unha liña extraordinaria de axudas para axudar a reparar as instalacións agrarias destruídas polos temporais de Nadal, compensar os cultivos estragados, e xeitos de financiamento especiais para dotar de liquidez a aquelas explotacións que o precisen.
- Crear mecanismos administrativos que compensen a devandita falta de liquidez como, por exemplo, bonificacións ou gratuidade nas cotizacións á Seguridade Social durante un período de tempo determinado.
- Posibilidade de crear axudas específicas e estables para o sector da horta, froita e flor que compensen as desvantaxes manifestas que padecen con respecto a outros sectores agrogandeiros e fronte á competencia desleal no mercado con producións de terceiros países.
- Dar preferencia ás explotacións afectadas polos temporais á hora de acceder a certas liñas de axudas, como as do Plan de Mellora das Explotacións Agrarias.
- Analizar a problemática dos seguros agrarios para adaptar o seu custe e a cobertura que proporcionan á idiosincrasia das explotacións do noso país.

En Santiago de Compostela , 31.1.2014

Asdo.: Miguel Anxo Méndez López



**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA**